

PROGRAMA ESPECIALIZADO DE FORMACIÓN XERENCIAL
CURSO | FISCALIDADE COOPERATIVA AVANZADA

[En colaboración Co Concello da Coruña]

DATAS REALIZACIÓN	7 e 14 de novembro de 2023	DURACIÓN	10 horas
HORARIO	Celebraranse dúas sesións de formación os martes 7 e 14 de novembro, en horario de 9:45 a 14:45 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Centro de Empresas ACCEDE PAPAGAIO, Praza do Papagaio, s/n, 15002 A Coruña		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	TELÉFONO	881 887 456 / 697 877 773
		E-MAIL	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)
OBXECTIVOS

- Atender as necesidades formativas específicas de mellora na xestión empresarial e capacitación para a dirección e xerencia das cooperativas participantes.
- Mellorar a situación dos procedementos e sistemas de dirección empresarial das cooperativas participantes, mediante operativas adaptadas ao modelo.
- Divulgar de forma práctica ás cooperativas participantes, boas prácticas, ferramentas e habilidades que permitan a mellora dos seus procedementos de xestión e sistemas de dirección .
- Potenciar o coñecemento mutuo e intercambio de experiencias das cooperativas participantes que permitan establecer alianzas futuras.
- Promover a economía social e solidaria dando a oportunidade de coñecer e explorar este modelo económico baseado en principios e valores da participación, a sustentabilidade e a responsabilidade social.

PROGRAMA E CONTIDOS

Co obxectivo de proporcionar unha comprensión sólida das obrigas fiscais das cooperativas e como aplicar os coñecementos adquiridos na practica. Analizar os aspectos específicos da fiscalidade cooperativa e como as cooperativas poden aproveitar as vantaxes fiscais dispoñibles.

1. MÓDULO IMPOSTO SOCIEDADES:

- Para determinar o imposto de sociedades partimos do resultado contable e importante ter un coñecemento do plan contable de Cooperativas, cuestións a ter en conta.
- Determinar os resultados cooperativo e extra cooperativo a partir dos informes contables.
- Casos prácticos

2. MÓDULO OUTROS IMPOSTOS:

- IVE
- Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados
- IRPF

METODOLOXÍA

Activa e participativa. O Obradoiro propónse como unha oportunidade para traballar de xeito práctico e acompañamento dunha persoa experta na materia e cunha dilatada experiencia nestes procesos, na resolución de casos prácticos.

DIRIXIDO A

Con preferencia a persoas socias pertencentes aos equipos directivos e Consello Reitor de Cooperativas e outras empresas e entidades da economía social, persoal de asesorías e xestorías, profesionais do asesoramento e acompañamento a empresas, persoas en proceso de creación de cooperativas ou interesadas na transformación do seu negocio actual nesta fórmula, público interesado en xeral.



[Esta actividade encádrase no programa de actuación **Emprendemento Empresarial na Economía Social** da Unión de Cooperativas Espazocoop e o Concello da Coruña para o ano 2023]